



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salida Nº. 200900026918
20/11/09 12:01:24

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o día 19 de novembro de 2009, na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- Aprobación de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
- Aprobación da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2010-2011.
- Aprobación da convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo (2009).
- Aprobación da normativa de desgravacións docentes.
- Aprobación da normativa sobre carga docente das titulacións de grao para o curso 2010-2011 e convocatoria de contratos-programa piloto cos centros.
- Aprobación dos criterios de avaliación do complemento de actividades docentes.
- Aprobación do I Curso de especialista en ecografía mamaria.
- Estimación do recurso de alzada presentado por Dna. María Luisa Rodríguez Arribas, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.
- Desestimación do recurso de alzada presentado por Dna. Montserrat Vaqueiro Romero contra o acordo do Consello de Departamento de Lingua Española de 21 de setembro de 2009 de renovación de prazas de profesor asociado.
- Aprobación da proposta de composición da Xunta de Titulación e Centro de adscrición do Grao en Enxeñaría da enerxía.
- Aprobación da Normativa para a incorporación dun centro adscrito a un título de grao implantado en centros propios.
- Aprobación da normativa sobre Empresas de Base Tecnolóxica (EBT).
- Aprobación da creación do Comisionado para a creación do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM).
- Aprobación do nomeamento do delegado/a do reitor na Escola Universitaria de Enfermería Meixoeiro.
- Aprobación da participación da Universidade no Observatorio sobre mundos virtuais.
- Aprobación do posicionamento da Universidade de Vigo sobre a proposta do Consello Social relativa á compartición de docencia clínica dos cursos 4º, 5º e 6º da Licenciatura de Medicina da Facultade de Santiago de Compostela, con profesorado adscrito á Universidade de Vigo, este ano ou o próximo de xeito oficial.
- Aprobación do posicionamento da Universidade de Vigo de apoio á Conferencia de Decanos de Belas Artes das universidades españolas sobre a oferta de títulos oficiais en disciplinas artísticas.
- Aprobación dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Austral de Chile para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en materia de tecnoloxías da información para o establecemento dun sistema de voto electrónico nas eleccións universitarias – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a National Taiwan Normal University.

Vigo, 20 de novembro de 2009

A secretaria xeral



Esther Mª González Pillado